



ROMPENDO ROLES DE XÉNERO Mulleres no mando

Araceli Rodríguez Fernández
Directora de Fabricación en Friscos S.A.

Tradicionalmente nunha fábrica de conservas o posto de dirixir, planificar e coordinar todas as actividades pertencentes á produción (táctica e estratéxicamente) desempeñárona os homes. Actualmente, continúa sendo excepcional que unha muller desenvolva tal responsabilidade, pero temos un referente; Araceli Rodríguez.



Naceu en Pontevedra en 1988, estudou na Escola de Enxeñeiros, a titulación de Enxeñería Técnica Industrial Especialidade Química Industrial, elección motivada polo consello dun profesor do instituto. Comezou na empresa de conservas de peixe Friscos, para realizar as prácticas da carreira. Ela prefería facelas nunha empresa en Vigo, pero os seus pais intercederon para que as realizase nunha das fábricas de onde eles eran, en Catoira. As prácticas de dous meses realizounas na depuradora, e ao finalizar o prazo marchou. Aos poucos meses chamárona para ver se podía encargarse da depuradora, aceptou coa condición de que a deixasen seguir estudando, e efectivamente déronlle todas as facilidades do mundo para terminar a súa carreira, realizar o curso de adaptación ao grao para obter a titulación de Grao en Enxeñería Industrial e cursar un master pola EOI de Madrid en Master Executive en Administración e Dirección de Empresas. Ao cabo dun ano e medio, indicou á empresa que se aburría e levárona ao departamento de calidade para que se responsabilizase de todo o relacionado co medio ambiente. Alí descubriu que lle encantaba a fábrica, todo o seu proceso e o que conleva. No 2014 chegou a Friscos unha consultora, a cal entrevistou ao persoal, a estes indicoulles que lle gustaría ir para a fábrica, co obxectivo de chegar (algún día) a ser

a directora de produción. Ao pouco tempo cubriu a baixa do encargado de produción e aos oito meses déronlle o cargo de dirección, sendo muller e con menos de trinta anos.

Friscos é unha empresa singular, con máis de 70 anos, alá polo ano 1946 xurdiu na Pobra do Caramiñal. Francisco Dotras Lamberti e Francisco Otero Mariño decidiron darlle forma ao que hoxe en día se coñece como Conservas Friscos. Así decidiron bautizala, xa que era unha forma de representar de xeito contraída o nome de ambos fundadores. Na actualidade, Conservas Friscos cambiou a súa localización. Desde Catoira, prosegue unha aventura que tivo os seus inicios en dúas familias provenientes de distinta localización xeográfica e sen relación previa entre elas. Desde A Illa de Arousa e Vigo estableceron a fábrica na Pobra do Caramiñal que foi pasando de xeración en xeración, ata que na cuarta fíxose cargo da dirección, Rosa Nieto “ Friscos foi fundada por un dos meus bisavós paternos, despois implicáronse a miña avoa e o meu avó, máis tarde o meu pai e o meu tío. Agora mesmo estamos o meu primo Yago e eu”. A actual directora xeral dun proxecto que non cesou “valora o traballo da xente, saber que lles podo pedir e ata onde, ademais do grao de esixencia que podo ter con eles”.



#incansables #loitadoras #traballadoras #amables
#humildes #compañeiras #fortes #esenciais



Fundación Clúster de Conservación
de Productos del Mar

